

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE MÚSICA DE CÁMARA - CURSO 2024/2025 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO E 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: MÚSICA DE CÁMARA III										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN								ITINERARIOS:	ACORDEÓN, ARPA, CANTO, CORDA FRETADA, GUITARRA, PIANO, VENTO MADEIRA, VENTO METAL
CARÁCTER:	OBRIGATORIA								TIPO DE CLASE:	COLECTIVA
DEPARTAMENTO:	ORQUESTRA								XEFA DE DEPARTAMENTO:	XAVIER FERNANDEZ
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADORA DA DISCIPLINA:				XAVIER FERNANDEZ	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Contacto	xafern@yahoo.es
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3	3	3	Horas de clase semanais	1,5

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de cámara do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica de lectura a primeira vista. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Trátase dun afondamento nos aspectos tratados no grao profesional na disciplina de Música de Cámara. É responsabilidade do alumno que non cursara dito grao o achegamento a unha preparación básica.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: A través da práctica interpretativa da música de cámara conséguese integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T7, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X7, X8, X10, X21
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI3, EI6, EI8, EI9, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro e no 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter un dominio suficiente das destrezas específicas requiridas para formar parte dun grupo de cámara: responsabilidade, iniciativa, participación en clase, así como organización e realización de ensaios fóra do horario lectivo.	T1, T3, T6, T7, T13 X7, X8, X10, X21 EI2, EI3, EI6
Coñecer o repertorio camerístico base de cada familia instrumental, situando cada obra musical que se traballe dentro dun contexto histórico e estilístico.	T3, T7, T13 X8 EI6
Traballar no contexto da partitura xeral e non só na parte individual, desenvolvendo a capacidade de controlar, non só a propia función, senón o resultado do conxunto en agrupacións.	T1, T7, T13 X7, X8, X10, X21 EI2, EI3, EI6
Dominar a interpretación do repertorio, mostrando as habilidades necesarias para facer unha lectura fiel a todas as indicacións da partitura: tempo, fraseo, estilo musical, etc.	T1, T3, T6, T7, T13 X2, X7, X8, X21 EI2, EI3
Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista na práctica de conxunto.	T13 X2, X7 EI3, EI9
Mostrar unha boa disposición para auto-avaliarse.	T6, T7, T10, T13 X10 EI6
Participar nos concertos e outras actividades públicas do centro.	T13 EI3, EI10

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións e repertorios.	Función da parte de cada intérprete dentro do conxunto da obra. Distinción dos momentos en que unha determinada voz debe destacar ou acompañar. Técnica ou técnicas utilizadas na interpretación da música de cámara.	TODAS
2. Coñecemento do repertorio de conxunto da propia especialidade e práctica interpretativa en formacións diversas.	Repertorio camerístico xeral: contexto histórico e estilístico. Repertorio para cada formación específica: contexto histórico e estilístico.	4 (parciais)

3. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio.	Utilización de técnicas para dar con claridade unha entrada. Estratexias para saber afinar con precisión. Puntualidade, atención, escoita activa e participación en clase. Escoita recíproca: uso de técnicas e recursos para saber escoitar aos outros membros do grupo a fin de resolver cuestións de equilibrio. Responsabilidade no estudo da parte propia da obra que se traballa. Paciencia e comprensión ante as posibles incorreccións de interpretación dos compañeiros/as.	TODAS
4. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo.	Comunicación na interpretación en grupo: describir o carácter da obra que se traballa. Utilización de boas edicións para traballar as obras. Resolución de cuestións relacionadas coa ornamentación segundo a época. Recoñecemento de tensións e distensións harmónicas que permitan frasear con expresividade.	TODAS
5. Práctica de lectura a primeira vista.	Adquisición das habilidades necesarias para realizar una lectura de recoñecemento previo dunha obra sen necesidade de facer soar a totalidade de elementos que a completan.	4 (parciais)
6. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	Construción colectiva da interpretación. Adecuación da interpretación á acústica da sala. Adquisición das habilidades necesarias para mostrarse diante do público con corrección en todos os ámbitos: vestuario, postura, saúdos, organización das partituras. Construción colectiva da interpretación.	2
TOTAL SESIÓN:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias. <i>Actividade de toma de contacto entre profesor e alumnos. O profesor adicará este tempo a coñecer, preguntar e facer propostas de traballo.</i>	1		1
Exposición maxistral. <i>Actividade de información, orientación e motivación.</i>	1		1
Exposición práctico-teórica. <i>Presentación e ilustración do repertorio elixido.</i>	1		1
Práctica individual. <i>Tarefa individual do alumno na que practicará as obras propostas en clase tratando de acadar os obxectivos descritos na programación.</i>		15	15

Práctica colectiva. <i>Actividade de construción musical compartida que integra aspectos técnicos, estéticos e de comunicación.</i>	16	29	45
Lectura guiada e comentario de fontes. <i>Tarefa de desenvolvemento de novas formas de estudo e de recompilación de información.</i>	1,5		1'5
Pescuda de información. <i>Actividade do alumno na que complementará o coñecemento das obras traballadas investigando sobre os compositores, estilos, contextos históricos, discografía, bibliografía, etc. das mesmas.</i>		9	9
Exposición e debate de traballos. <i>Presentación pública de traballos. Corrección dos mesmos. Demostración de capacidades de sínteses e de aplicación dos coñecementos adquiridos.</i>	1,5		1,5
Actividades complementarias. <i>Probas e concursos dentro e fora do centro. Cursos e masterclases con intérpretes de reputado prestixio.</i>		9	9
Tutorías: <i>Resolución de problemas, acompañamento personalizado.</i>			
1. Individuais		2	2
2. De grupo		1	1
Actividades de avaliación: <i>Audicións públicas.</i>			
1. Probas	2		2
2. Revisión de probas		1	1
		TOTAL HORAS:	90

6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Dadas as características desta disciplina, a avaliación é continua e integradora. Así, o traballo individual e o conxunto da disciplina implica un seguimento continuado, evitando que a superación da disciplina estea condicionada a unha única proba final.			
Conduta	Valoraranse a puntualidade, actitude e o traballo feito fóra da aula.	Todas as enumeradas nesta programación.	20%
Rendemento en clase	É fundamental considerar o cumprimento dos obxectivos do curso, mediante a observación da madurez na aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da disciplina, neste caso adaptados aos diferentes niveis de referencia dos alumnos.	Todas as enumeradas nesta programación.	40%

Audición cuatrimestral	Valoraranse as destrezas alcanzadas, o nivel de comprensión, o nivel musical, á vez que a produción creativa. Recoméndase un repertorio de entre 10-15 minutos.	Todas as enumeradas nesta programación.	40%
Para aprobar a disciplina é necesario superar cada un dos tres devanditos apartados.			
As faltas de asistencia (4 ou máis) suporán a perda do dereito á avaliación continua.			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Audición extraordinaria dunha obra completa, coa aceptación do profesor asignado.	Valoraranse as destrezas mostradas, o nivel de comprensión, o nivel musical, á vez que a produción creativa.	Todas as enumeradas nesta programación.	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) <i>Alumnos con perda da avaliación continua (4 ou máis)</i>			
Audición extraordinaria dunha obra completa, coa aceptación do profesor asignado.	Valoraranse as destrezas alcanzadas, o nivel de comprensión, o nivel musical, á vez que a produción creativa.	Todas as enumeradas nesta programación.	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Audición extraordinaria dunha obra completa, coa aceptación do profesor asignado.	Valoraranse as destrezas alcanzadas, o nivel de comprensión, o nivel musical, á vez que a produción creativa.	Todas as enumeradas nesta programación.	100%
Observacións: Convocatorias dispoñibles: 2 por cada cuatrimestre.			

PROCEDIMENTO MATRÍCULAS DE HONRA MÚSICA DE CÁMARA

A concesión da mención de Matrícula de Honra é unha decisión discrecional do profesor, para aqueles alumnos/as que mostren un desempeño excelente nos distintos domínios da actividade avaliadora: técnica, expresiva, estilística. Ademais, a distinción de MH deberá levar en conta a totalidade de competencias, habilidades e actitudes do alumno/a, podendo valorarse, entre outros aspectos, a iniciativa artística, a capacidade de traballo en equipo, a competencia para xerar consenso interpretativo, a dispoñibilidade, a apertura, a actitude, etc. Para a proposta de alumnado candidato a Matrícula de Honra na disciplina terase en conta o seguinte:

- Poderá propoñerse tanto a un Grupo completo como a alumnos/as que formen parte dun Grupo.
- Ainda que o profesor non propoña para a Matrícula de Honra ao Grupo completo, os integrantes do grupo deberá interpretar as obras igualmente.
- O repertorio debe incluír obras que ocupen entre 10 e 15 minutos de duración.

-Será requisito que a calificación do alumnado sexa entre 9 e 10 de calificación numérica e conste na aplicación XADE antes da celebración da Audición para MH.

-As datas concretas da audición para MH serán informadas con antelación suficiente. Igualmente, os profesores/as informarán á Xefatura de Departamento do alumnado proposto, do repertorio e das necesidades particulares do grupo, indicando o tempo aproximado do repertorio.

-O Tribunal constituído ao efecto da concesión de MH constituiráse mediante sorteo, formado por 3 profesores/as entre os que non presenten grupo.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación. En todo caso, os criterios a tomar deberán adecuarse ao caso concreto, integrando unha perspectiva de integración e desenvolvemento ao curto e longo prazo. Igualmente, para o caso de ANEE, será necesario iniciar un expediente de valoración e un comité de deseño e supervisión das adaptacións ou intervencións realizadas. As actividades, adaptacións ou modulacións serán consensuadas co orgnos de xestión docente que procedan, con pleno respecto dos principios de

8. FERRAMENTAS, BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

BARON, J. H. "Intimate Music: A History of the Idea of Chamber Music". Stuyvesant, 1998.

BARON, J. H. "Chamber Music: A Research and Information Guide". Routledge, 2010.

BATISTA, A. "Resonancias del Sur. Música para guitarra solista, a dúo, trío, cuarteto y quinteto". Editorial: Alpuerto. 2009.

BERGER, M. "Guide To Chamber Music". Dover Publications. 2002.

BLUM, D. "El arte del cuarteto de cuerda: el cuarteto Guarneri en conversación con David Blum". Editorial: Idea Books. 2000.

BRENDEL, A. "Sobre la música". Editorial Acantilado, 2016.



COBBETT, W. W. "Cobbett's Cyclopedic Survey of Chamber Music". Oxford University Press. 1963.

COOPER, G., MEYER, L. B. "Estructura rítmica de la música". Idea Books, S.A., 2004.

DE LA GUARDIA, E. "Los cuartetos de Beethoven. Su historia y análisis". Melos (Ricordi Americana). 1987.

DÚO VITAL, A. "Música de cámara". Editorial: Instituto Complutense de Ciencias Musicales (ICCMU). 2001.

DUSINBERRE, E. "Beethoven for a Later Age". Faber & Faber. 2016.

FOURNIER, B. "L'esthétique du Quatuor à cordes". Fayard, 1999.

FOURNIER, B. "Panorama du quatuor à cordes". Fayard, 2014.

GRANADA, A., SALAS MERINO, V. "La historia de la Música de Cámara y sus combinaciones". Ed. Vision Net. 2005.

GRÜMBACH, D. "Música de Cámara". Ed. Bruguera. Libro amigo. 1986.

HEINE, Ch. "Buscando identidades. Música de cámara en los países mediterráneos durante el tardío siglo XIX y temprano siglo XX". Doble J, Editorial. 2015

KELLER, J. "Chamber Music: A Listener's Guide. Oxford University Press. 2011.

KEYS, I. "Brahms. Música de cámara". Editorial: Idea Books. 2004.

MARÍN LÓPEZ, M. A. "Joseph Haydn y el cuarteto de cuerda". Alianza Editorial. 2009.

MATA, F.X. "La mejor Música de Cámara". Daimón, Tarragona 1986.

MARTÍNEZ MIURA, E. "La Música de Cámara". Acento Editorial, Boadilla del Monte, 1998.

McCALLA, J. "Twentieth-Century Chamber Music". Routledge. 2003.

MENÉNDEZ TORRELLAS, GABRIEL "Historia del cuarteto de cuerda". Ediciones Akal S. A., 2018

MIRKA, D. "Metric Manipulations in Haydn and Mozart. Chamber Music for Strings, 1787-1791". Oxford University Press. 2009.

STOVELL, ROBIN (edt): "The Cambridge Companion to the String Quartet". Cambridge University Press.

ROBERTSON, A. "La Música de Cámara". Taurus Ediciones, S. A. Grupo Santillana, Madrid 1987.



SECRIST-SCHMEDES, B. "Wind Chamber Music. Winds with Piano and Woodwind Quintets. An Annotated Guide". Scarecrow Press, Inc. 1996.

SIERRA, C. "El cuarteto de cuerda. Laboratorio para una sociedad ilustrada". Alianza Editorial. 2014.

TORRES DEL RINCÓN, MARTA "Al Unísono. Guía esencial para la práctica de la música de cámara". Editorial: Alpuerto. 2015.

TRANCHEFORT Y OTROS "Guía de la Música de Cámara". Alianza Editorial, Madrid 2005.

VOGT, H. "La Música de Cámara en J. S. Bach. Consideraciones previas, análisis, obras". Labor. Barcelona 1993.

WATSON, A. "Beethoven's Chamber Music in Context". Boydell Press. 2012.

WESTRUP, J. A. "Schubert. La música de Cámara". Editorial: Idea Books. 2004.